

Bos Días nenas e nenos de Primeiro de Educación Primaria:

Despois dunha semana dedicada ás Letras Galegas tócanos seguir con inglés. Xa acabamos a unidade sobre a casa e imos dedicar agora as dúas seguintes semanas a **Food** (comida) e as dúas seguintes a **Feelings** (sentimentos)

Imos aló. Mira o seguinte enlace cunha presentación sobre comida. Canta comida sabías dicir en inglés?

<https://www.youtube.com/watch?v=1W5TXrKbsq4>

Para dicir se che gusta algo en inglés dicimos: **I like....**

e se non che gusta dicimos **I don't like**

Mira o seguinte vídeo e a ver se os teus gustos coinciden cos do neno. A primeira froita que aparece é Grapefruit (Pomelo) Do you like grapefruit?

<https://www.youtube.com/watch?v=nE8ttvPACeg>

Debuxa nun folio un emoticono sonreinte e un emoticono triste e pon debaixo tres cousas que che gusten comer e tres que non.

Imos a escoitar agora unha canción para aprender os utensilios básicos que usamos par comer: fork, plate, knife, spoon (tenedor, prato, coitelo, culler, vaso ) despois aparecen outros dous chopsticks and washing machine a ver se deduces o que significan.

Aquí vos deixo o enlace:

<https://www.youtube.com/watch?v=wBuBGc5oH3Q>

Este conto que sigue é un clásico en inglés e a todas mestras de inglés nos gusta contalo. Témolo na nosa biblioteca. O conto é de Eric Carle e chámase **The very hungry caterpillar**.

<https://www.youtube.com/watch?v=75NQK-Sm1YY>

Mando un adxunto cun prato, un tenedor e un coitelo para que debuxedes a vosa comida favorita. Tamén podedes debuxalo na libreta.

O adxunto chámase Draw your favourite meal (Debuxa a túa comida favorita)

Tamén aparece un mantel e unha servilleta en inglés dise: napkin and tablecloth

Boa semana. Coidádevos moito.